

Área de RRHH
e Formación



CONCELLO
DE VIGO

ÓRGANO DE SELECCIÓN (TRIBUNAL 3) DA OEP - ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO POLO PROCEDIMENTO CONCURSO

ANUNCIO

- **Resolución das RECLAMACIÓNS presentadas polos/as aspirantes aos PROCESOS nº 21-22- 23-24- 25- 26 -27-28- 29- 30- 33-37- 39.**
- **Publicación do Informe Xurídico emitido pola Secretaria do Tribunal en data 22 de novembro de 2024 relativo ás Reclamacións presentadas.**

O Órgano de Selección (Tribunal 3) da O.E.P- Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo polo procedemento concurso, polos motivos expostos no Informe Xurídico emitido pola Secretaria do Tribunal en data 22 de novembro de 2024, adoptou na devandita data o seguinte **ACORDO**:

- Estimar parcialmente a reclamación presentada en data 01/10/2024 por **COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**)**, con Doc. nº 240300445, ao Proceso nº 37 - OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - C2 (Expte. 43791/220), por canto cualificouse con 0 puntos o apartado Méritos Profesionais, cando debería térselle outorgado 57 puntos por 95 meses traballados en concepto servizos prestados no Concello de Vigo. Consecuentemente, a puntuación total de COSTAS VILLAR, A é de 84 PUNTOS (méritos profesionais 57 puntos + méritos académicos 27 puntos).
- Desestimar a reclamación presentada por **CAMESELLE SOUTO, OSCAR (DNI ***4200**)**, ao Proceso nº 30 -DELINEANTE, LABORAL FIXO - C1 (Expte. 43784/220), con Doc. nº 240300935, data presentación 01/10/2024.
- Desestimar a reclamación presentada por **CARRERA FERREIRA, J.A (DNI ***6122**)** ao Proceso nº 37- OFICIAL SEPULTUREIRO/A, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 (Expte. 43791/220), con Doc. nº 240302905, data presentación 02/10/2024 e corrixir a puntuación que lle foi outorgada por servizos prestados no Concello de Vigo, pasando de 14,40 a 10,80 puntos. Con relación a este concreto rebaixe de puntuación, dar **nova audiencia polo prazo de tres días hábiles** a este aspirante, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio.
- Estimar a reclamación presentada por **LORENZO NÚÑEZ, M.J (DNI ***5438**)** ao Proceso nº 21-ADMINISTRATIVO - Réxime Funcionarial -SUBGRUPO C1 (Expte 43774/220), con Docs. nº 240303021-24, data presentación 03/10/2024, outorgándolle 10 puntos polo mérito académico, procesos selectivos superados completos de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos.
- Desestimar a reclamación presentada por **SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**)** ao Proceso nº 39 - OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220), con Doc. nº 240303428, data presentación 03/10/2024.
- Estimar a reclamación presentada por **PORTAS SAAVEDRA, M.J (DNI ***1235**)** ao Proceso nº 39 (OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2



(Expte. 43793/220), con Doc. nº 240304004, data presentación 03/10/2024, outorgándolle 10 puntos por méritos académicos, titulacións académicas oficiais superiores ao nivel de titulación requirido e 40 puntos máximo por cursos de formación.

- Revisala puntuación asignada a **tódolos de aspirantes do Proceso nº 39 -OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2-** polo concepto servizos prestados no Concello de Vigo quedando do seguinte xeito, acordando **nova audiencia de tres días hábiles** aos aspirantes deste Proceso nº 39, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio:

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	TOTAL MÉRITOS PROFESIONAIS	TOTAL M.PROF + M.ACADEM.
BASTOS CABALEIRO, F ***7239**	14,40	14,40	54,40
FOUZ ARES, M.J ***3886**	7,20	7,20	12,20
LÓPEZ DAVILA, D ***4487**	14,40	14,40	54,40
MEIRA SUAREZ, J.M ***7548**	0	0	40
PORTAS SAAVEDRA, M.J ***1235**	93,60	93,60	100
RODRÍGUEZ GARCÍA, Y ***7028**	24,60	24,60	32,60
SIERRA FERNÁNDEZ, P ***9307**	0	0	40
SILVA PEREIRA, B ***0358**	0	0	40
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J ***3241**	0	4,20	44,20

- Modificar a puntuación outorgada a **SILVA PEREIRA, B (DNI ***0358**)**, no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220), pasando de 60 puntos a **0 puntos** polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo.
- Modificar a puntuación outorgada a **VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J (DNI ***3241**)**, no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220), pasando de 10,80 puntos a **0 puntos** polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo.
- Desestimar a reclamación presentada por **RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**)** ao Proceso nº 37 de OFICIAL SEPULTUREIRO/A, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 - Expte. 43791/220, Reclamación Doc. nº 240304866, data presentación 04/10/2024 e dar acceso ao expediente solicitado nº 43791/220.
- Desestimar a reclamación presentada por **MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**)** ao Proceso nº 39, OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 -Expte. 43793/220, con Doc. nº 240305354, data presentación 04/10/2024.
- Desestimar a reclamación presentada por **MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**)** ao Proceso nº 33, ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 -Expte. 43787/220, Reclamación Doc. nº 240305355, data presentación 04/10/2024.
- Estimar parcialmente a reclamación presentada por **VILA RODRÍGUEZ, R (DNI ***8336**)** ao Proceso nº 21,ADMINISTRATIVO-Réxime Funcionarial- SUBGRUPO C1- Expte.43774/220, con Doc. nº 240305365, data presentación 04/10/2024, outorgando 5 puntos en concepto do mérito



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 2 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

académico, haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira do Concello de Vigo, desestimando a reclamación nos demais aspectos.

- Modificar a puntuación outorgada a **PEREZ PÉREZ, M.V (DNI ***8183**)**, no Proceso nº 30 de DELINEANTE. LABORAL FIXO, C1 (Exp. 43784-220), pasando de 12 puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo. Outorgar **nova audiencia polo prazo de tres días hábiles** a este aspirante a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio. Quedando a puntuación do seguinte xeito:

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA 4
PÉREZ PÉREZ, M.V ***8183**	0	0	0	0	40	0	40	40	SI

A SECRETARIA DO ÓRGANO

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro

(Data e sinatura dixital ao dorso)

ASUNTO: INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS/POLAS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS ASIGNADAS NO CONCURSO DE MÉRITOS POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN (TRIBUNAL 3) DA O.E.P- ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO.

Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Sétima (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 249, de 30/12/2022, que rexen a O.E.P Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo, emítase o seguinte **INFORME XURÍDICO** que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:

Tendo sido publicadas na páxina Web Municipal e no taboleiro de anuncios (data publicación 01/10/2024) as puntuacións asignadas polo Órgano de Selección (Tribunal 3) aos aspirantes do concurso de méritos dos seguintes PROCESOS:

- 21. PROCESO ADMINISTRATIVO - Réxime Funcionarial - SUBGRUPO C1 (Expte. 43774/220)
- 22. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DEBUXO ARTÍSTICO. FUNCIONARIO DE CARREIRA - SUBGRUPO C1 (Expte. 43775/220)
- 23. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - SUBGRUPO C1 (Expte. 43776/220)
- 24. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, OURIVARÍA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - SUBGRUPO C1 (Expte. 43777/220)
- 25. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, MODA E CONFECCIÓN. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA - SUBGRUPO C1 (Expte. 43778/220)



- 26. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ESCULTURA E TALLA EN MADEIRA. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43780/220)
- 27. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, DESEÑO E ENCAXE DE PALILLOS. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43781/220)
- 28. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, CERÁMICA ARTÍSTICA. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43782/220)
- 29. MESTRE/A FORMACIÓN EMAO, ARTESANÍA EN COIRO. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43783/220)
- 37. OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 (Expte. 43791/220)
- 39. OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220)
- 33. ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43787/220)
- 30. DELINEANTE. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 (Expte. 43784/220)

Dentro do prazo legal de tres (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do devandito anuncio, interpuxeron, en tempo e forma, reclamación en relación coas puntuacións que lles foi asignada os/as seguintes aspirantes:

- **COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**):**

Reclamación ao Proceso nº 37 (OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 - Expte. 43791/220), Doc. nº 240300445, data presentación 01/10/2024.

- **CAMESELLE SOUTO, O (DNI ***4200**):**

Reclamación ao Proceso nº 30 (DELINEANTE. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1- Expte. 43784/220), Doc. nº 240300935, data presentación 01/10/2024.

- **CARRERA FERREIRA, J.A (DNI ***6122**):**

Reclamación ao Proceso nº 37 (OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 - Expte. 43791/220), Doc. nº 240302905, data presentación 02/10/2024.

- **LORENZO NÚÑEZ, M.J (DNI ***5438**):**

Reclamación ao Proceso nº 21 (ADMINISTRATIVO -Réxime Funcionarial - SUBGRUPO C1 -Expte. 43774/220), Docs. nº 240303021-24, data presentación 03/10/2024.

- **SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**):**

Reclamación ao Proceso nº 39 (OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 -Expte. 43793/220), Doc. nº 240303428, data presentación 03/10/2024.

- **PORTAS SAAVEDRA, M.J (DNI ***1235**):**

Reclamación ao Proceso nº 39 (OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 -Expte. 43793/220), Doc. nº 240304004, data presentación 03/10/2024.

- **RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**):**

Reclamación ao proceso nº 37 (OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 - Expte. 43791/220), Doc. nº 240304866, data presentación 04/10/2024.

- **MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**):**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 4 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Reclamación ao Proceso nº 39, OFICIAL INSTALACIONES DEPORTIVAS. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 -Expte. 43793/220), Doc. nº 240305354, data presentación 04/10/2024.

Reclamación ao Proceso nº 33, ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 -Expte. 43787/220. Reclamación Doc. nº 240305355, data presentación 04/10/2024.

• **VILA RODRÍGUEZ, R (DNI ***8336**):**

Reclamación ao Proceso nº 21 (ADMINISTRATIVO-Réxime Funcionarial- SUBGRUPO C1-Expte.43774/220), Doc. nº 240305365, data presentación 04/10/2024.

MOTIVOS DE DESESTIMACIÓN OU ESTIMACIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS

MOTIVO 1º.- As bases do concurso de méritos constitúen a norma reguladora do proceso. A presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o mesmo.

O art. 15 apartados 4 e 5 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, establece: “4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas. 5. Las convocatorias y sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Unha vez aprobadas e publicadas as bases, constitúen a norma reguladora do proceso. Deste xeito, sendo as bases da convocatoria as regras do xogo que van a obrigar a todos/as os/as participantes e á propia Administración, o momento da súa impugnación debe ser, con carácter xeral, o da formulación de ditas normas, a fin de que de xeito anticipado se resolvan as eventuais cuestións de legalidade e, no caso de non impugnación, o proceso se desenvolva conforme ás bases aceptadas de xeral aplicación. Por outra banda, cabe afirmar que tampouco concorre causa de nulidade de pleno dereito sobre as mesmas que vulnere dereito fundamental algún que permita unha excepcional e extemporánea impugnación das bases neste intre procedemental.

A Base Xeral deste concurso (BOPPO nº 249, 30 de decembro de 2022), Vid. Anexo II -Base Quinta-, apartado 2º, dispón que “a presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección”. Así pois, os/as aspirantes que non estaban de acordo coas bases deberon impugnalas trala súa aprobación, cosa que non aconteceu, por canto deveñen firmes.

O principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do concurso ten sido reiterado continuamente pola xurisprudencia. Este principio está recoñecido pola xurisprudencia máis antiga do Tribunal Supremo: SSTS de 25 de febreiro, 1, 21 e 27 de maio e 2 de xullo de 1946, 8 e 28 de marzo, 5, 8 e 9 de xullo de 1947 e 9 de xuño de 1948. Esta doutrina tense mantido invariable ao longo dos anos ata nosos días (SSTS de 3 de xullo de 1984, 12 de xuño de 1991, 7 de abril de 2006 e 27 de maio de 2010, por citar só algunhas). Do mesmo xeito os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas tamén teñen feito súa esta doutrina dende a súa creación e son numerosas as sentenzas que ditadas neste sentido. Por exemplo, a STSJ de Cataluña núm. 156/2010, de 11 de febreiro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, recurso de apelación núm. 270/2007).

MOTIVO 2º.- Acreditación do mérito profesional alegado “Servizos prestados no Concello de Vigo”:
Mediante declaración xurada-responsable ou certificación.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 5 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unha “relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifican documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima.1º que indica como se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, non obstante, establece que, como excepción, se o mérito que se alega é ter servizos prestados no Concello de Vigo, bastará con facelo constar en “*declaración xurada*” que se presentará xunto coa solicitude e na cal figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente, ben coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. Deste xeito as xustificacións documentais presentadas fora de prazo, concretamente co escrito de reclamación ás puntuacións agora publicadas, non poden ser tidas en conta por extemporáneas.

O art 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), dispón que declaración responsable é o documento subscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para su desenvolvemento.

Asemade, tampouco cabe partindo do art 53.1.d) da LPAC, que regula os dereitos do interesado no procedemento administrativo, alegar o dereito a non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas o que teñan sido elaborados por estas. E non cabe dito argumento xa que a norma aplicable ao procedemento, que son as Bases, obrigan claramente a presentar ben declaración xurada ou ben certificación.

Sentada esta premisa, ¿poderíase solicitar á Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo que, tras finalizar o prazo de presentación de instancias do concurso que aconteceu o 21/03/2024, certificara os servizos prestados neste Concello con relación aos aspirantes que tan só os alegaron na relación de méritos pero non os acreditaron documentalmente coa declaración xurada? A resposta a esta pregunta debe ser negativa, pois de non ser así estaríase outorgando un trato de favor con relación a aqueles aspirantes que teñen alegado na relación de méritos, pero non os acreditaron con certificación, servizos prestados noutras Administracións Públicas distintas ao Concello. Consecuentemente, tamén teríamos que solicitar a esas Administracións a remisión dos certificados por servizos prestados nelas, o que, sen dúbida, supón unha vulneración directa e grave das bases.

Considerando o exposto, o mérito profesional- servizos prestados no Concello de Vigo- ten sido valorado polo órgano de selección TRIBUNAL 3, do mesmo xeito a todos/as aspirantes participantes en tódolos procesos encomendados a este Órgano de Selección (Procesos 21-22-23-24-25-26-27-28-29-30-31-32-33-34-35-36-37-38-39-40-41-42 e 43) respectando o principio constitucional de igualdade (art 14 CE).

As reclamacións desestimadas por este MOTIVO 3º obedecen a que o/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no Concello de Vigo- coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024.

MOTIVO 3º.- Mérito profesional “Servizos prestados no Concello de Vigo”: Servizos que se valoran.

A Base Xeral Décima 1.a), apartado Méritos Profesionais, concepto Servizos prestados no Concello de Vigo, só permite puntuar os servizos cando foron prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Consecuentemente non cabe puntuar servizos prestados nun posto de traballo pertencente a un grupo ou subgrupo diferente ao que se desexa acceder. Tampouco cabe valorar os servizos prestados nun posto de traballo que, aínda que pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo, estea configurado no cadro de persoal con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 6 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

praza diferente e teña asignadas na guía de funcións de 26/06/2020, funcións diferentes e propias ás asignadas á praza a que se desexa acceder. Lémbrese que estamos nun proceso de estabilización de emprego temporal que se realiza por mandato da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Entendese por servizos prestados, segundo consta na Base Xeral Décima 1, os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, polo que non procede valorar os servizos prestados como funcionario eventual.

MOTIVO 4º.- Mérito profesional “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións”: Servizos que se valoran.

O/a aspirante acredita prestar servizos no ámbito doutras Administracións Públicas noutro corpo, escala, subescala ou categoría diferente á que desexa acceder. A Base Xeral Décima 1.B), aplicable a este proceso, publicadas no BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022, establece que só se puntuarán servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

MOTIVO 5º.- Procede valorar o mérito académico, titulacións académicas oficiais superiores ao nivel de titulación requirido para o acceso ao proceso selectivo (Base Xeral Décima. 2 a).

O/a aspirante achegou coa súa instancia o título académico oficial correspondente segundo establece a Base Xeral Décima.2.a), que erróneamente non foi tido en conta polo Órgano de Selección na valoración dos méritos alegados e acreditados polo aspirante no prazo regulamentario.

MOTIVO 6º.- Procede valorar o mérito académico, cursos de formación (Base Xeral Décima. 2 b).

O/a aspirante achegou coa súa instancia o/os diplomas pertinentes que erróneamente non foron tidos en conta polo Órgano de Selección na valoración dos méritos alegados e acreditados polo aspirante no prazo regulamentario.

MOTIVO 7º.- Non procede valorar o mérito académico, cursos de formación (Base Xeral Décima. 2 b).

O curso que o/a aspirante reclama que se lle puntúe non cumpre cos requisitos establecidos na Base Xeral Décima 2, méritos académicos, cursos de formación.

MOTIVO 8º.- Acreditación do mérito académico alegado “Haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazos do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza”: Mediante declaración xurada-responsable ou certificación.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha *“relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”*.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima. 2º. c) que indica como se acreditan ter superado procesos selectivos. Dispón que este mérito académico se acreditará con declaración xurada que se presenta coa solicitude.

Neste motivo 6º debe darse por reproducida a fundamentación exposta no motivo 2º.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 7 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS

- **COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**):**

*Proceso nº 37 - OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - C2 (Expte. 43791/220).
Reclamación Doc. nº 240300445, data presentación 01/10/2024.*

Alega: Non estar conforme coa puntuación que lle foi asignada no concurso de méritos, sen concretar ni motivar onde discrepa. Adxunta novamente coa súa reclamación a documentación xa achegada en data 04/03/2024 coa súa instancia de participación no concurso.

Motivación da Proposta: O aspirante achegou en data 04/03/2024 (con Doc. nº 240075103), vía web, declaración xurada coa súa instancia. Declara ter prestados servizos no Concello de Vigo (30 meses e mailo tempo transcorrido dende o 03/09/2018 ata marzo de 2024), non obstante, dita declaración está incompleta por canto non consta na mesma o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron os servizos no Concello de Vigo, tal e como esixe a Base Xeral Décima 1ª.

O aspirante debería subsanar dita omisión, non obstante, obrando dita información en poder desta Administración, facilmente comprobable, no se lle debe requirir dita subsanación, pois debe ser o Órgano de Selección quen, de oficio, proceda á comprobación da mesma (art. 53.1.d. da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Vista a Certificación de RRHH de data 13/11/2024 (Expte. 45609/220), consta acreditado que o aspirante prestou servizos no Concello de Vigo no propio corpo, escala, subescala ou categoría de Oficial Sepultureiro, á que desexa acceder o aspirante (Base Xeral Décima 1ª.A), polo que procede outorgarlle 57 puntos (servizos prestados 7 anos e 11 meses - inicio da relación laboral dende 25/03/2013).

Importante destacar que esta certificación ven a subsanar un mérito alegado e acreditado polo aspirante dentro do prazo de presentación de instancias.

Neste caso, estimárase parcialmente a reclamación presentada por COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**), con Doc. nº 240300445, por canto cualificouse con 0 puntos o apartado Méritos Profesionais, cando debería térselle outorgado 57 puntos por 95 meses traballados en concepto servizos prestados no Concello de Vigo.

Asemade, constato que a este aspirante cualificouse con 15 puntos o apartado Méritos Académicos - Base Xeral Décima 2.C- *haber superado tres procesos selectivos completos de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazos do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza*, non obstante, a declaración xurada está incompleta por canto non consta na mesma data da convocatoria do proceso, tal e como esixe a Base Xeral Décima 2.C. Igualmente que para o caso dos servizos prestados, o Órgano de Selección deberá constatar dito mérito académico na certificación que remita a Área de RRHH.

No que respecta a cualificación do apartado Méritos Académicos -Base Xeral Décima 2.B- *Cursos de Formación-* só teñen sido puntuados, tal e como establecen as Bases, os cursos de formación impartidos ou recibidos por Administracións Públicas ou homologados, ou outras entidades do sector público, ou os impartidos no ámbito de formación para o emprego ou os acordos de formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, así como a formación de carácter transversal.

Proponse: Estimación parcial da reclamación presentada en data 01/10/2024 por COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**), con Doc. nº 240300445, por canto cualificouse con 0 puntos o apartado Méritos Profesionais, cando debería térselle outorgado 57 puntos por 95 meses traballados en concepto servizos prestados no Concello de Vigo. A puntuación total de COSTAS VILLAR, A (DNI ***2517**) debe ser 84 PUNTOS (méritos profesionais 57 puntos + méritos académicos 27 puntos).

- **CAMESELLE SOUTO, OSCAR (DNI ***4200**):**

*Proceso nº 30 - DELINEANTE. LABORAL FIXO - C1 (Expte. 43784/220).
Reclamación Doc. nº 240300935, data presentación 01/10/2024.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 8 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Alega: Non estar conforme coa puntuación que lle foi asignada no apartado Méritos Profesionais -Base Xeral Décima 1.B- *Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que desexa acceder o aspirante.*

Motivación da Proposta: Motivo de desestimación da reclamación: MOTIVOS 1º - 4º

A certificación achegada polo aspirante, expedida polo Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo, certifica que os Servizos como “delineante servizo de enxeñería” teñen sido prestados na subescala técnica, grupo B, cando a Base Xeral Décima 1.B), aplicable a este proceso, establece que só se puntuarán servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que desexa acceder o aspirante. Deste xeito as Bases Específicas do proceso, publicadas no BOPPO n º103, de 31/05/2023, establecen que a praza ofertada de “Delineante” pertence ao Grupo C1, tipo de vínculo xurídico laboral fixo.

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por CAMESELLE SOUTO, OSCAR (DNI ***4200**), con Doc. nº 240300935, data presentación 01/10/2024.

• **CARRERA FERREIRA, J.A (DNI ***6122**):**

Proceso nº 37- OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 (Expte. 43791/220). Reclamación Doc. nº 240302905, data presentación 02/10/2024.

Alega:

- Non estar conforme coa puntuación que lle foi asignada de 14,40 puntos no apartado Méritos Profesionais, en concepto Servizos prestados no Concello de Vigo (Base Xeral Décima 1.A). Solicita se lle asignen 10,20 puntos mais polo traballo prestado como Oficial Sepultureiro dende o 01/12/2022 ao 01/05/2024.

- Asemade solicita se lle valoren tres procesos selectivos superados sen praza no Concello de Vigo no apartado Méritos Académicos (Base Xeral Décima 2.C) - haber superado procesos selectivos completos de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza. Por este apartado obtivo 0 puntos.

Motivación da Proposta: Motivo de desestimación da reclamación: MOTIVOS 1º - 2º- 3º- 8º

O Órgano de Selección puntuou con 14,40 puntos os Servizos prestados no Concello de Vigo e con 0 puntos o mérito académico de ter superado procesos selectivos no Concello de Vigo.

Coa instancia de participación no concurso (presentada con doc 240087377, en data 17/03/2024), o aspirante achegou dúas certificacións para acreditar os servizos prestados no Concello de Vigo.

Unha certificación expedida pola Xefa de Área de RRHH en data 15/10/2021, que expresa :“(…) Segundo os datos obrantes nesta Área de Recursos Humanos e Formación, compróbase que, salvo erro ou omisión, Don JOSE ANTONIO CARRERA FERREIRA, con DNI ***6122**, prestou servizos neste Concello como Oficial Sepultureiro (Subgrupo C2) na condición de funcionario interino por acumulación de tarefas no servizo de cemiterios entre o 31/10/2017 ao 30/04/2018 (6 meses); 08/07/2019 ao 07/01/2020 (6 meses) e do 07/12/2020 ao 06/06/2021 (6 meses). O que suma un total de 1 ano e 6 meses acumulados na data da solicitude: 08/10/2021(…)”.

Así pois, segundo esta certificación achegada polo aspirante son 18 meses traballados no Concello de Vigo como Oficial Sepultureiro que fan un total de 10,80 puntos que se lle deben outorgar.

Asemade, o aspirante tamén achega coa súa solicitude outra certificación expedida pola Xefa de Área de RRHH onde certifica que prestou servizos como Oficial Pavimentador no servizo de vías e obras e como Axudante de Oficios no servizo de deportes. Estes servizos prestados como Oficial Pavimentador non poden ser puntuados por canto pese a ser ambas prazas, oficial sepultureiro e oficial pavimentador, prazas pertencentes ao mesmo Subgrupo C2, trátase de prazas distintas segundo o cadro de persoal anexo ao Orzamento Municipal e con funcións distintas segundo a Guía de Funcións deste Concello. Asemade, os servizos prestados como axudante de oficios no servizo de deportes tampouco poden ser puntuados por canto dita praza de axudante de oficios pertence ao grupo E .

Asemade, o aspirante na reclamación presentada solicita se lle asignen 10,20 puntos máis polo traballo prestado como Oficial Sepultureiro dende o 01/12/2022 ao 01/05/2024. Constátase que en data 17/03/2024 achegou, vía web, unha “relación numerada e correlativa de documentación acreditativa de méritos”, que non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 9 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

declaración xurada tal e como esixen as bases, onde relaciona traballos como sepultureiro no Concello de Vigo dende o 01/12/2022 ata a actualidade. Trátase pois dun mérito alegado, traballo prestado como Oficial Sepultureiro dende o 01/12/2022 ao 01/05/2024, pero non acreditado dentro do prazo pertinente.

Así pois, non cabe outorgar a Carrera Ferreira Jose Antonio 10,20 puntos máis polo traballo prestado no Concello de Vigo como Oficial Sepultureiro dende o 01/12/2022 ao 01/05/2024, por canto no presentou a documentación esixida polas bases (declaración xurada) para acreditar o mérito tan só alegado.

Asemade, na relación de méritos achegada faise alusión a tres procesos selectivos superados, dous de oficial sepultureiro e 1 de oficial pavimentador. Do mesmo xeito tampouco cabe outorgar puntuación por este concepto por canto o aspirante non achegou a documentación acreditativa que esixe a Base Xeral Décima 2.C, declaración xurada, na cal deberá figurar, como mínimo, a identificación do proceso selectivo completo superado e a data da súa convocatoria.

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por CARRERA FERREIRA, J.A (DNI ***6122**), con Doc. nº 240302905, data presentación 02/10/2024 e corrixir a puntuación que lle foi outorgada por servizos prestados no Concello de Vigo, pasando de 14,40 a 10,80 puntos. Con relación a este concreto rebaixe de puntuación, deberase dar **nova audiencia polo prazo de tres días hábiles** a este aspirante.

- **LORENZO NÚÑEZ, M.J (DNI ***5438**):**

*Proceso nº 21 -ADMINISTRATIVO - Réxime Funcionarial – SUBGRUPO C1 (Expte 43774/220).
Reclamacións Docs. nº 240303021-24, data presentación 03/10/2024.*

Alega: Reclama que se lle outorguen 10 puntos por procesos selectivos superados completos de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos.

Motivación da proposta: Constátase que o aspirante aportou en data 16/03/2024 a documentación (Declaración responsable) que esixe a Base Xeral Décima 2.C, que acredita ter dous procesos selectivos completos de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza. Por este apartado débese outorgarlle 10 puntos por méritos académicos (Superar proceso selectivo sen praza).

Proponse: Estimar a reclamación presentada por LORENZO NÚÑEZ, M.J (DNI ***5438**), con Docs. nº 240303021-24, data presentación 03/10/2024.

- **SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**):**

*Proceso nº 39 - OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220).
Reclamación Doc. nº 240303428, data presentación 03/10/2024.*

Alega: Se lle revise a puntuación do seu proceso (0 puntos por méritos profesionais en concepto de servizos prestados no Concello de Vigo) e achega, extemporaneamente (con data 03/10/2024), certificación de servizos prestados no Concello de Vigo de data 17/04/2024.

Motivación da proposta: Motivo de desestimación da reclamación: MOTIVOS 1º- 2º
Coa solicitude de participación no proceso, aporta a aspirante relación de méritos e copia do escrito de ter sido solicitada a certificación de servizos prestados no concello de Vigo en data 20/02/2024. Non aporta declaración xurada polo que non acredita o mérito alegado.

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**), con Doc. nº 240303428, data presentación 03/10/2024.

- **PORTAS SAAVEDRA, M.J (DNI ***1235**):**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 10 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Proceso nº 39 (OFICIAL INSTALACIÓN DEPORTIVAS. LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220).

Reclamación Doc. nº 240304004, data presentación 03/10/2024.

Alega:

- Por méritos académicos, titulación académicas oficiais superiores ao nivel de titulación requirido, considera que lle corresponden 10 puntos, non os 0 puntos adxudicados.
- Por méritos académicos, cursos de formación, considera que lle corresponden 40 puntos, non os 10 puntos adxudicados.
- Que se revise ou rectifique a puntuación asignada ao resto de aspirantes tendo en conta só o tempo acreditado como traballado na categoría de Oficial de Instalación Deportivas.

Motivación da proposta: MOTIVOS 1º- 3º- 5º - 6º

Procede outorgar a esta aspirante 10 puntos por méritos académicos, titulación académicas oficiais superiores ao nivel de titulación requirido, por canto constátase que coa súa solicitude achegou en data 13/03/2024, o título de bacharelato e mais o de Relacións Laborais, ámbolos títulos superiores ao do nivel que se esixe para a praza de Oficial de Instalación Deportivas (Subgrupo C2- Graduado escolar ou FP1).

Procede outorgar a esta aspirante 40 puntos por méritos académicos, cursos de formación, por canto constátase que coa súa solicitude achegou en data 13/03/2024, diplomas acreditativos por mais de 40 horas lectivas de formación.

Con relación á solicitude de revisión ou rectificación da puntuación asignada ao resto de aspirantes tendo en conta só o tempo acreditado como traballado na categoría de Oficial de Instalación Deportivas, leva razón a Sra. Portas Saavedra por canto as bases só permiten puntuar os servizos cando foron prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Consecuentemente non cabe puntuar servizos prestados nun posto de traballo pertencente a un grupo ou subgrupo diferente ao que se desexa acceder. Tampouco cabe valorar os servizos prestados nun posto de traballo que aínda que pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo, este configurado no cadro de persoal con praza diferente e teña asignadas na guía de funcións de 26/06/2020, funcións diferentes e propias ás asignadas á praza a que se desexa acceder. Lémbrese que estamos nun proceso de estabilización de emprego temporal que se realiza por mandato da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Realizada a revisión solicitada pola aspirante Sra. Portas Saavedra, a puntuación asignada aos de aspirantes do Proceso nº 39 -OFICIAL INSTALACIÓN DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2- a puntuación asignada polo concepto servizos prestados no Concello de Vigo quedaría do seguinte xeito:

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A.	TOTAL MÉRITOS PROFESIONAIS	TOTAL M.PROF + M.ACADEM.
BASTOS CABALEIRO, F ***7239**	14,40	14,40	54,40
FOUZ ARES, M.J ***3886**	7,20	7,20	12,20
LÓPEZ DAVILA, D ***4487**	14,40	14,40	54,40
MEIRA SUAREZ, J.M ***7548**	0	0	40
PORTAS SAAVEDRA, M.J ***1235**	93,60	93,60	100
RODRÍGUEZ GARCÍA, Y ***7028**	24,60	24,60	32,60
SIERRA FERNÁNDEZ, P ***9307**	0	0	40
SILVA PEREIRA, B ***0358**	0	0	40
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J ***3241**	0	11,40	44,20

SILVA PEREIRA, B (dni *0358**),** debe pasar neste proceso nº 39 de 98,40 (max. 60) puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo, xa que a declaración responsable achegada coa solicitude en data 19/03/2024, declara servizos prestados como Oficial de Mantemento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 11 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deportes que non se corresponden coa categoría da praza á que aspira neste proceso nº 39 de Oficial de Instalacións Deportivas. Ao aspirante, Sr Silva, xa se lle teñen valorado os servizos como Oficial de Mantemento de Deportes no Proceso nº 40 de Oficial Mantemento Deportes (Vid MOTIVO 3º).

Deste xeito a puntuación total obtida por Silva Pereira pasará de 100 puntos a 40 puntos no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220).

Deberá notificarse este acordo do órgano de selección a este aspirante, outorgando un prazo de tres días hábiles para presentar reclamación con relación a este concreto aspecto de rebaixa da súa puntuación.

VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J (DNI *3241**)**, debe pasar neste proceso nº 39 de 10,80 puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo, xa que a certificación achegada coa solicitude en data 16/03/2024, non certifica servizos prestados como Oficial de Instalacións Deportivas senón como Oficial de Instalacións Municipais no Servizo de Educación por doce meses que non se corresponden coa categoría da praza á que aspira neste proceso nº 39 de Oficial de Instalacións Deportivas. Ao aspirante, Sr Vázquez, xa se lle teñen valorado os servizos como Oficial de Instalacións Municipais no Servizo de Educación no Proceso nº 38 de oficial instalacións Municipais (Vid MOTIVO 3º).

Deste xeito a puntuación total obtida por Vázquez Rodríguez pasará de 55 puntos a 44,20 puntos no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220). **Deberá notificarse este acordo do órgano de selección a este aspirante, outorgando un prazo de tres días hábiles para presentar reclamación con relación a este concreto aspecto de rebaixa da súa puntuación.**

Proponse: Estimar a reclamación presentada por PORTAS SAAVEDRA, M.J (DNI ***1235**), con Doc. nº 240304004, data presentación 03/10/2024.

Modificar a puntuación outorgada a SILVA PEREIRA, B (dni ***0358**), no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220), pasando de 98,40 (max. 60) puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo.

Modificar a puntuación outorgada a VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J (DNI ***3241**), no proceso nº 39 de OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO, SUBGRUPO C2 (Expte. 43793/220), pasando de 10,80 puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo.

- **RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**):**

Proceso nº 37 (OFICIAL SEPULTUREIRO/A. LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 - Expte. 43791/220). Reclamación Doc. nº 240304866, data presentación 04/10/2024.

Alega:

- Considerando que para acceder á praza de Oficial Sepultureiro, pertencente ao subgrupo C2, os aspirantes deben estar en posesión do título oficial de graduado escolar ou FPI, “*titulaciones que te dan el CELGA 2*”, non pode esixirse o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 3, senón deberá esixirse o CELGA 2.

- Solicita se lle puntúen os servizos prestados no Concello de Vigo como Oficial de Instalacións, Oficial Fontaneiro e no servizo de limpeza viaria xa que ditos traballos foron prestados por cambios de destino acordados pola Xunta de Goberno Local.

- Solicita acceso ao expediente.

Motivación da proposta: **Motivos de desestimación da reclamación: MOTIVO 1º- 3º**

A Base Xeral Décimo Primeira dispón que os/as aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza a estabilizar, que se concretará nas Bases Específicas. Deste xeito as Bases Específicas (BOPPO nº 103, de 31/05/2023) establecen para o Subgrupo C2: o Título CELGA 3 ou equivalente homologado. Cómpre sinalar que as Bases son a Lei deste concurso e que non cabe impugnación indirecta das mesmas por canto no se está a vulnerar ningún dereito fundamental.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 12 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os servizos prestados no Concello de Vigo en postos diferentes ao de Oficial Sepultureiro non poden ser valorados polos fundamentos xurídicos expostos no Motivo 3º.
O aspirante ten dereito ao acceso ao expediente solicitado (art. 53.1.a LPAC 39/2015).

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**), con Doc. nº 240304866, data presentación 04/10/2024 e dar acceso ao expediente solicitado nº 43791/220.

• **MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**):**

Proceso nº 39, OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C2 -Expte. 43793/220.

Reclamación Doc. nº 240305354, data presentación 04/10/2024.

Alega:

- Solicita se lle puntúen en concepto de mérito profesional os servizos, acreditados mediante certificación, prestados no Concello de Vigo como Oficial de Instalacións Municipais e Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e control.

- Solicita se lle puntúen en concepto de mérito profesional os servizos, acreditados mediante certificacións, prestados nos Concellos de Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra, Melón, Cangas, Lalín e outras Administracións.

Motivación da proposta: Motivos de desestimación da reclamación 1º- 3º- 4º

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**), con Doc. nº 240305354, data presentación 04/10/2024.

• **MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**):**

Proceso nº 33, ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1 -Expte. 43787/220.

Reclamación Doc. nº 240305355, data presentación 04/10/2024.

Alega:

- Solicita se lle puntúen en concepto de mérito profesional os servizos, acreditados mediante certificación, prestados no Concello de Vigo como Oficial de Instalacións Municipais e Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e control.

- Solicita se lle puntúen en concepto de mérito profesional os servizos, acreditados mediante certificacións, prestados nos Concellos de Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra, Melón, Cangas, Lalín e outras Administracións.

Motivación da proposta: Motivos de desestimación da reclamación 1º- 3º- 4º

Proponse: Desestimar a reclamación presentada por MEIRA SUAREZ, J.M (DNI ***7548**), con Doc. nº 240305355, data presentación 04/10/2024.

• **VILA RODRÍGUEZ, R (DNI ***8336**):**

Proceso nº 21, ADMINISTRATIVO-Réxime Funcionarial- SUBGRUPO C1- Expte.43774/220.

Reclamación Doc. nº 240305365, data presentación 04/10/2024.

Alega:

- Solicita se lle outorguen en concepto de mérito profesional por servizos prestados no Concello de Vigo un total de 18,60 puntos por 31 meses traballados. Recoñece non aportar declaración xurada, non obstante, considera que o mérito solicitado consta na relación de méritos achegada, información que obrando en poder da Administración Municipal é facilmente comprobable polo Tribunal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 13 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Solicita se lle outorguen en concepto de méritos académicos por procesos selectivos superados no Concello de Vigo un total de 5 puntos.

Motivación da proposta: Motivos de desestimación parcial da reclamación 1º- 2º

O órgano de selección outorgou ao Sr. Vila 6 puntos en concepto de mérito profesional por servizos prestados no Concello de Vigo, por canto o aspirante achegou coa súa instancia en data 21/03/2024 certificación, expedida pola Xefa de área de RRHH en data 23/06/2022, onde certifica que o Sr. Vila prestou servizos com Administrativo da Administración Xeral dende o 13/08/2021 ata o 22/06/2022, por un total de 10 meses. O aspirante aportou dentro do prazo de presentación de instancias unha relación de méritos onde reflexa prestar servizos como Administrativo dende o pasado 13/08/2021 ata a data o 21/03/2024. Así pois, non consta acreditado, segundo dispoñen as bases do proceso, o mérito alegado, prestar servizos como Administrativo da Administración Xeral dende o 23/06/2022 ata o 21/03/2024.

Motivación da proposta: Motivo de estimación parcial da reclamación

Procede outorgar 5 puntos en concepto do mérito académico alegado e acreditado en prazo por este aspirante, haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira do Concello de Vigo de provisión en propiedade de Administrativo da Administración Xeral (BOPPO 26/03/2018), sen haber obtido praza: o aspirante aportou certificación da Xunta de Goberno Local de data 13/01/2022.

Proponse: Estimar parcialmente a reclamación presentada por VILA RODRÍGUEZ, R (DNI ***8336**), con Doc. nº 240305365 , data presentación 04/10/2024, outorgando 5 puntos en concepto do mérito académico, haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira do Concello de Vigo, desestimando a reclamación nos demais aspectos.

- **PEREZ PÉREZ, M.V (DNI ***8183**)**

Proceso nº 30. DELINEANTE. LABORAL FIXO, C1 (Exp. 43784-220).

Esta aspirante non presentou reclamación ás puntuacións publicadas relativa ao Proceso nº 30, DELINEANTE.

Na emisión do presente informe-xurídico, tense detectado que en concepto do mérito profesional por servizos prestados no Concello de Vigo, asignáronsele erroneamente 12 puntos.

Esta aspirante achegou coa súa instancia certificación da X.M.U onde o Xefe dos Servizos Centrais certifica que prestou servizos na XMU como Inspectora por un total de 1 ano, 8 meses e 27 meses.

Polo motivo nº 3 en concordancia co motivo nº 1, procede retirar os 12 puntos asignados a esta aspirante, quedando a puntuación do seguinte xeito:

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA 4
PÉREZ PÉREZ, M.V ***8183**	0	0	0	0	40	0	40	40	SI

Proponse: Modificar a puntuación outorgada a PEREZ PÉREZ, M.V (DNI ***8183**), no proceso nº 30 de DELINEANTE. LABORAL FIXO, C1 (Exp. 43784-220), pasando de 12 puntos a 0 puntos polo mérito profesional, concepto servizos prestados no Concello de Vigo. Outorgar **nova audiencia polo prazo de tres días hábiles** a este aspirante.

A SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
XEFA DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital que consta ao marxe)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/11/2024 11:22	Páxina 14 de 14
44806-220	CSV: A1ADC2-26A48E-E88287-S51FK7-SEMMAW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		